




Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 Santiago de Compostela

http://www.sghn.org e-mail: sghn@sghn.org



Sr. Director Xeral de Conservación da Natureza
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de presidente da asociación,

EXPÓN:

Que, de acordo con informacións recibidas pola SGHN, na parroquia de Salcedo (Pontevedra) entre as localidades de A Igrexa, Cabanas, A Carballeira, O Cruceiro, O Carballo do Pazo e O Xistro apareceron mortos alomenos tres petos verdeais (*Picus viridis*) nos últimos días de xuño e primeiros de xullo, un dos cales se conservou conxelado e se remite co presente escrito.

Que, ao parecer, esta mortandade atípica e sen causa aparente tería afectado tamén a outras especies de aves insectívoras como o merlo común (*Turdus merula*), se ben SGHN non puido confirmar ao 100% esta información e non recibiu ningún exemplar morto.

Por todo o cal

SOLICITA:

Que, en exercicio das súas competencias e obrigas legais, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza actúe de inmediato para clarexar esta mortandade de aves insectívoras e, caso de non ser por causas naturais, adopte as medidas precisas para evitar que se repita no futuro.

En Santiago de Compostela a 9 de xullo de 2012

Serafín González Prieto
Presidente SGHN

